2.1. Competencias básicas.

A área de lingua galega e literatura está orientada á adquisición de destrezas que permitan o uso pleno da lingua nun amplo abano de contextos, polo que resulta evidente que constitúe o ámbito privilexiado para o progreso da competencia en comunicación lingüística en toda a súa extensión. De aí que este proxecto persiga a mellora desta competencia entre o alumnado. Porén, coas actividades propostas tamén se desenvolverán outras competencias coas que garda unha estreita relación:

a) Tratamento da información e competencia dixital: as tarefas, ao se presentaren en soporte dixital, contribuirán (de forma evidente) ao desenvolvemento desta competencia. Mediante o uso continuado de ferramentas tecnolóxicas o alumnado será quen de resolver problemas cotiáns que se proporán nas actividades cun enfoque práctico.

b) Competencia social e cidadá: a través do traballo con diferentes tipos de textos e situacións comunicativas favorecerase a aproximación crítica á realidade galega.

c) Competencia cultural e artística: a lectura e valoración de diferentes tipos de textos escritos (viñetas, anuncios...) contribúen de xeito destacado ao desenvolvemento desta competencia, entendida como unha aproximación a uns temas que son expresión de preocupacións esenciais do ser humano.

d) Autonomía e iniciativa persoal. A contribución deste proxecto a esta competencia céntrase no uso progresivamente autónomo das TIC para aprender a manter unha actitude crítica ante a información recibida e na realización de actividades que simulan situacións da vida real.

Licenza de estudos 2014 - 2015
Eva Rosa López Villanueva

e) Competencia para aprender a aprender: O acceso ao coñecemento e á construción de coñecementos mediante a linguaxe relaciónase directamente con esta competencia e abórdase claramente neste proxecto centrado no desenvolvemento das competencias lingüísticas. Por outra parte, as actividades relacionadas cos contidos de reflexión sobre a lingua recollen coñecementos de tipo conceptual (metalinguaxe gramatical) e procedemental (capacidade para analizar e crear enunciados, uso de diferentes esquemas sintácticos para expresar unha idea, etc.) que se adquiren con relación ás actividades de comprensión e creación de textos, e que se reutilizan para optimizar a aprendizaxe lingüística, é dicir, para aprender a aprender a lingua.

Licenza de estudos 2014 - 2015
Eva Rosa López Villanueva